



ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL DE MUROS
Rúa San Xosé s/n | O Areal s/n
15250 Muros (San Pedro) | 15240 Esteiro
A Coruña | A Coruña
e:mail: esmu.municipal.muros@edu.xunta.es

www.facebook.com/Escola-de-Música-Municipal-de-Muros-1037702056270594

PREINSCRIPCIÓN MÚSICA E MOVEMENTO
(NENOS/AS DE 4 A 7 ANOS)
CURSO: 2020/2021

DATOS PERSOAIS DO/A ALUMNO/A:

Nome:	1er. Apelido:	2º Apelido:	D.N.I.:
Enderezo:		Localidade:	
Municipio:	Provincia:	C.P.:	
Teléfono fixo:	Teléfono móbil:	Teléfono outro:	Data de Nacemento: □□/□□/□□□□
Lugar no que asistirá a clase: <input type="checkbox"/> MUROS <input type="checkbox"/> ESTEIRO			

DATOS DO/A PAI/NAI OU TITOR (en caso de ser o alumno menor de idade)

Nome:	1er. Apelido:	2º Apelido:
-------	---------------	-------------

Muros, a ___ de _____ de 2020

Asd.

COLABORAN



**Escrita e autorizada pola consellería de educación
e ordenación universitaria.
(Orde do 9 de abril do 2007)**



Quen somos

AS ESCOLAS MUNICIPAIS DE MÚSICA, - As **EMM** son centros de ensinanzas musicais non regradas, o cal significa que dispón de autonomía para deseñar a súa organización educativa e administrativa, tendo sempre presentes as condicións socioeconómicas e culturais do seu entorno. Ofertando unha formación musical dirixida a afeccionados de calquera idade.

Estes centros poden orientar cara o ensino de carácter profesional (conservatorios) cando a vocación e aptitudes do alumnado así o aconsellen.

Os estudos de Música cursados nestas escolas específicas e segundo a orde do 11 de marzo de 1993 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música da Comunidade autónoma de Galicia, non conducirán ó expedición de títulos con validez académica ou profesional, pero si que ó remate do Grao Elemental, os alumnos que acoden os obxectivos establecidos recibirán o correspondente certificado acreditativo. Entendendo a música como unha linguaxe Universal, como un medio de expresión artística e de comunicación.

Área de Música e movemento

O Área de **Música e Movemento** está deseñada para asentar no alumnado coñecementos musicais elementais e imprescindibles para o seu desenvolvemento musical.

Mediante unha metodoloxía musical moderna resolvese o problema da incapacidade sonora e rítmica, mediante exercicios de entoación e ximnasia rítmica musical. Trátase de entender, con un tratamento pedagóxico, o descubrimento e desenvolvemento das capacidades expresivas musicais: instinto rítmico, a audición, danza, etc.; así como as capacidades motrices que permitirán posteriormente a elección dun instrumento.

Dirixida a alumnos de 4 a 8 anos. Divídese en dous ciclos:

- **INICIACIÓN:** para alumnos de 4 a 6 anos. Dous anos de duración.
- **FORMACIÓN BÁSICA:** para alumnos de 6 a 8 anos. Dous anos de duración.

Constan de dúas clases semanais, en grupo, de unha hora de duración, en grupos de ata 15 alumnos. Tódolos alumnos desta área, terán a posibilidade de iniciarse na práctica instrumental de algunha das especialidades que a escola presente para esta área.

A idade mínima de ingreso serán de catro anos cumpridos, ou a cumprir durante o primeiro trimestre do curso académico (antes de finalizar decembro).

Contémplase a posibilidade de integrar nenos con necesidades educativas especiais, para o cal programase unha entrevista inicial cos pais para determinar o nivel de desenvolvemento do alumno. Atendendo ó mesmo, e non a idade cronolóxica, adxudicáraselle un grupo. No caso de que o profesor observe unha marcada diferenza madurativa con respecto ó grupo, o alumno poderá permanecer nesta área unha vez cumprida a idade de oito anos.

Obxectivos xerais

- Comprender e aplicar conceptos elementos básicos moi sinxelos da linguaxe musical mediante a voz, o corpo e os instrumentos.
- Coñecer os distintos estilos de música: infantil, popular, folclórica, clásica, moderna,...
- Coñecer, utilizar e controlar a voz como instrumento de representación e comunicación musical, educando de forma correcta a voz do neno: dicción, entoación, emisión, respiración, relaxación, tesitura, apoio, etc..
- Utilizar o corpo como medio de expresión tanto en movemento libre como organizado: danzas e coreografías sinxelas.
- Acada flexibilidade coordinación e precisión rítmica tanto instrumental como corporal.
- Traballar mediante o movemento dos distintos elementos da música (ritmo, melodía, armonía e forma) e as calidades do son.
- Recoñecer a forma visual e auditiva dos distintos instrumentos da orquestra, de percusión determinada e indeterminada así como os que poidan utilizar outro tipo de agrupacións musicais.

Horario de clases:

Será foro de horario escolar de luns a venres.

Condicións de preinscrición:

Unha vez cuberto o boletín farase entrega do mesmo na Casa da Cultura de Muros o na propia Escola de Música.

Cráterios de admisión: Por orden de preinscricións, tendo prioridade os alumnos actuais da Escola.